

A poeta Eva Veiga recibirá a homenaxe 'A Escritora na súa Terra - Letra E' en 2026

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anunciou este 2 de xaneiro que a poeta Eva Veiga será a protagonista da XXXII edición da homenaxe 'A Escritora na súa Terra', que decorrerá en Pontedeume no mes de xuño de 2026 como recoñecemento á súa traxectoria vital e á súa amplamente valorada obra literaria.

Redacción 2 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/poeta-eva-veiga-sera-homenaxeada/20260102102326243452.html>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)) vén de anunciar que a XXXII edición da homenaxe 'A Escritora na súa Terra' recaerá na poeta e xornalista **Eva Veiga**, unha das voces máis recoñecidas da literatura galega contemporánea. A celebración terá lugar en Pontedeume (Eume) no mes de xuño de 2026, localidade estreitamente vinculada á traxectoria vital e creativa da autora.

A homenaxe '**A Escritora na súa Terra**' constitúe unha das iniciativas máis consolidadas da AELG e forma parte xa da tradición cultural galega. Ao longo de máis de dúas décadas, este recoñecemento vén salientando a entidade literaria e humana de autoras e autores das nosas letras, pondo no centro a relación entre a persoa homenaxeada e o territorio que marcou a súa vida e a súa obra. Precisamente, un dos sinais de identidade da iniciativa é a vontade de establecer un contacto directo coa autora ou autor recoñecido, favorecendo a súa implicación persoal na xornada e reforzando o carácter próximo e comunitario do acto.

No caso de [Eva Veiga](#), a AELG destaca unha traxectoria vital e literaria de grande relevancia, cunha obra poética amplamente recoñecida pola crítica e polo público, caracterizada pola intensidade expresiva. A súa voz ocupa un lugar singular no panorama poético galego.

A xornada de homenaxe, que decorrerá en **Pontedeume**, manterá os elementos simbólicos que definen este recoñecemento anual. Entre eles, a entrega do galardón '**Letra E de escritora**', unha peza escultórica que identifica o premio; a plantación dunha árbore simbólica, elixida pola propia autora; e a colocación dun monólito conmemorativo, que deixará pegada física e duradeira da celebración no espazo público.